

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 19 de xuño de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Por motivo da convocatoria da FEMP a unha concentración de todos os representantes locais para o mércores, 18 de xuño, en Madrid, que coincide coa data da dita comisión informativa, é necesario trasladar a realización da dita comisión ao xoves, 19 de xuño de 2025, ás 17.10 horas.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 19 de xuño de 2025**, ás 17.10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/33H/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de maio de 2025.

2. 2025/2427F PRESIDENCIA

Expropiación forzosa para a execución das obras de “mellora da rede de saneamento en Rebordechau”, no termo municipal de Vilar de Barrio.

3. 2025/16405W PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025.

4. 2025/16402E PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a Puntos de Atención á Infancia – PAI para o exercicio 2025.

5. 2025/16406A PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2025.

6. MOCIÓNS DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.